

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 20 DE ABRIL DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada provincial EP 8601 Rúa Deputación a prol do Concello de Pontecesures.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Decreto polo que se regula o Rexistro Galego de Comercio.
- Decreto polo que se dispón que cese Ricardo Capilla Pueyo como director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.
- Decreto polo que se nomea a Ricardo Capilla Pueyo director da Axencia Galega de Innovación

ACORDOS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) para o financiamento de programas de formación profesional e formación ocupacional de persoas con discapacidade, en 2012, con financiamento do Fondo Social Europeo (FSE), cun importe total de cincocentos cincuenta e catro mil oitocentos quince euros (554.815 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a validación do expediente de gasto xerado pola execución de traballos por determinadas entidades nas cualificadas como zonas C, en novembro e decembro de 2011 e xaneiro e febreiro de 2012, por importe dun

millón douscentos cincuenta e tres mil seiscientos noventa e sete euros con oitenta e tres céntimos (1.253.697,83 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a viaxe do presidente da Xunta a México.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a solicitude de convocatoria da Comisión Bilateral Estado-Comunidade Autónoma de Galicia para o inicio de negociacións sobre o Real decreto-lei 1/2012, do 27 de xaneiro, polo que se procede á suspensión dos procedementos de preasignación de retribución e á supresión dos incentivos económicos para novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de coxeración, fontes de enerxía renovables e residuos (BOE do 28/01/2012).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a planificación e mellora da atención ao trastorno mental grave en Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DA RÚA DEPUTACIÓN (EP-8601) A PROL DO CONCELLO PONTEVEDRÉS DE PONTECESURES

- *Este treito adquiriu co tempo características netamente urbanas, polo que se fai aconsellable o seu cambio de titularidade*
- *A Administración local será a entidade que se encargue de manter esta estrada a partir de que a entrega sexa oficial, é dicir, dous meses despois da súa publicación no DOG*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade da rúa Deputación (EP-8601) a prol do concello pontevedrés de Pontecesures. Esta rúa adquiriu características netamente urbanas, polo que se fai aconsellable o seu cambio de titularidade co fin de mellorar a calidade de vida dos máis de 3.000 veciños da zona.

O Concello de Pontecesures solicitou á Deputación Provincial de Pontevedra o cambio de titularidade desta estrada provincial, denominada rúa Deputación, con base nun convenio de colaboración asinado co organismo provincial para a mellora de dita estrada, financiado con cargo ao Plan de Investimentos da Administración Provincial

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas decide formalizar este traspaso. Para iso, a Axencia Galega de Infraestruturas estudou e considerou adecuado o cambio de titularidade de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes.

Características do proxecto

A entrega da vía formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega. O Concello de Pontecesures, a partir da formalización da entrega, será o responsable de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía. Tamén se ocupará do exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que poida corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

Este expediente tramitouse ao abeiro dos artigos 5 e 54 da vixente Lei de estradas do 14 de setembro de 1994, que establece que os cambios de titularidade das estradas se aproben por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións beneficiadas.



A XUNTA APROBA O REGULAMENTO DO REXISTRO GALEGO DE COMERCIO, O PRIMEIRO CENSO COMERCIAL GALEGO

- ***O novo rexistro nace do desenvolvemento da recente Lei de comercio interior de Galicia***
- ***Trátase dun censo permanente de empresas e actividades comerciais que facilita o control da legalidade comercial e permite coñecer de primeira man a realidade do sector co obxectivo de definir as liñas estratéxicas máis axeitadas***
- ***O decreto aprobado no Consello da Xunta establece que a inscrición será voluntaria e gratuíta***
- ***A inclusión no rexistro será necesaria para os comercios que queiran optar aos apoios da Administración***
- ***O censo favorecerá tamén a protección dos dereitos dos consumidores e usuarios***

O Consello da Xunta de Galicia acaba de aprobar o decreto que regulará o Rexistro Galego de Comercio, unha ferramenta pioneira que ten sido creada ao abeiro da Lei de comercio interior de Galicia, aprobada nesta lexislatura co consenso do sector. Este regulamento permitirá o pleno desenvolvemento do primeiro censo do comercio galego da comunidade.

O rexistro é un instrumento orientado á elaboración dun censo permanente de todas as empresas e actividades comerciais existentes en Galicia, que facilitará o control e a constatación do cumprimento da lei; permitirá coñecer de primeira man a realidade comercial para definir a política de axudas públicas e estratexias orientadas ao comercio galego, ao mesmo tempo que favorecerá a protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias.

O decreto aprobado hoxe no Consello establece unha regulación precisa e detallada do funcionamento do rexistro, sinalando que terá carácter público e a inscrición nel será voluntaria e gratuíta. Ademais, a inclusión neste rexistro resultará necesaria para os comercios que queiran optar ás liñas de axuda convocadas pola Administración galega ou participar activamente nos programas de apoio da Xunta.

Este regulamento define tamén as seis seccións en que se organizará o Rexistro Galego de Comercio, que se dividen en: establecementos comerciais permanentes, comerciantes polo miúdo sen establecemento comercial permanente, vendas á distancia, comerciantes ambulantes, actividade comercial en réxime de franquía e asociacións de persoas comerciantes.

Deste xeito, por primeira vez a Comunidade Autónoma de Galicia vai contar cun censo actualizado dos establecementos, asociacións e actividades comerciais desenvolvidas na comunidade, unha iniciativa que afonda na estratexia da Consellería de Economía e Industria a prol da modernización do comercio galego, así como de apoio ás necesidades reais do sector.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A RICARDO CAPILLA DIRECTOR DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

- ***Cesa como director xeral de I+D+i***
- ***A Xunta avanza na posta en marcha da axencia, logo de ter sido constituído onte o Consello Reitor da AGI***
- ***O obxectivo da nova axencia é fomentar políticas de innovación capaces de impulsar o crecemento e a competitividade das empresas galegas***

O Consello da Xunta de Galicia nomeou hoxe a Ricardo Capilla como director da Axencia Galega de Innovación, que cesa como director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación. A nova axencia xestionará o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento (i2C), asumindo as competencias da Dirección Xeral de I+D+i.

Co nomeamento do director, a Xunta continúa a avanzar na posta en marcha da nova axencia, logo de ter sido constituído onte o seu Consello Reitor polo conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra.

O obxectivo fundacional da Axencia Galega de Innovación, dependente da Consellería de Economía e Industria, é fomentar políticas de innovación nas administracións públicas galegas e impulsar o crecemento e a competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes.

A creación da AGI, que contará con personalidade xurídica, patrimonio e tesouraría propios, responde ao compromiso adquirido nesta lexislatura pola Xunta de Galicia de establecer un réxime de actuación en materia de I+D+i, baseado na xestión transparente por obxectivos. Este modelo apoiarase no cumprimento de indicadores claros, medibles e orientados cara á mellora na prestación do servizo, sobre todo no que se refire á relación entre os recursos dispoñibles e os resultados obtidos.

BENESTAR COFINANCIA UN PROGRAMA DE FORMACIÓN OCUPACIONAL E PROFESIONAL DO QUE SE BENEFICIARÁN MÁIS DE 400 PERSOAS

- ***A Consellería de Traballo e Benestar asinará un convenio de colaboración coa Confederación galega de persoas con discapacidade (Cogami) a este efecto***
- ***O Consello da Xunta deu luz verde á sinatura deste convenio co que se pretende fomentar a inserción laboral dun colectivo que presenta especiais dificultades á hora de atopar un traballo***
- ***O departamento autonómico destinará máis de 550.000 euros a esta iniciativa cofinanciada polo Fondo Social Europeo***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami), para o financiamento de programas de formación profesional e formación ocupacional de persoas con discapacidade, para o cal o departamento autonómico destinará máis de 550.000 euros e que beneficiará a máis de 400 persoas con discapacidade.

O obxecto do convenio é a colaboración da Consellería de Traballo e Benestar no financiamento de cursos desta entidade dirixidos a persoas residentes en Galicia. Dunha banda, organízanse actividades de formación ocupacional para persoas con grandes discapacidades no centro de Fingoi, en Lugo, tanto de xeito presencial como á distancia; e, doutra banda, lévanse a cabo os cursos de formación profesional dirixidos a persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

A finalidade desta iniciativa é fomentar a formación e a inserción laboral deste colectivo, que presenta especiais dificultades á hora de atopar un traballo. O programa persegue optimizar as capacidades destas persoas e, ao mesmo tempo, tratar de incrementar a participación das mulleres con discapacidade para acadar a igualdade entre homes e mulleres e, así, lograr a eliminación de todas as formas de discriminación de xénero. O programa tamén busca favorecer a conciliación da vida laboral e familiar.

Este convenio enmárcase dentro do Programa Operativo do Fondo Social Europeo-Galicia 2007-2013, que atende como prioridade a loita contra a exclusión social, en particular a grupos desfavorecidos como as persoas con discapacidade.

Esta iniciativa inscríbese na aposta da Consellería de Traballo e Benestar pola integración laboral deste colectivo. Así, en 2012, o departamento autonómico ten varios programas de integración laboral para as persoas con discapacidade, cun orzamento de máis de 16 millóns de euros, tales como subvencións para o mantemento de centros especiais de emprego; para as unidades de apoio á actividade profesional destes

centros; ou programas para a integración laboral de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, así como a subvención do custo salarial para o mantemento dos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade nos mesmos centros.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA OS PAGAMENTOS CORRESPONDENTES ÁS TAREFAS DE REXERACIÓN DE ZONAS C DO PERIODO PENDENTE DE PAGO

O Consello da Xunta autorizou hoxe os pagamentos correspondentes aos traballos de rexeración de zonas catalogadas como C correspondentes aos pedidos que estaba pendente de pago das confrarías da Coruña, Ferrol e Barallobre.

Con esta autorización, a Consellería do Medio Rural e do Mar realizou a validación de gasto de todos os pagamentos pendentes coas confrarías, agás o correspondente á Confraría de Barallobre polos labores feitos no mes de febreiro, ao non presentaren a documentación xustificativa a tempo.

As cantidades que se lles van remitir ás confrarías polos labores de rexeración das zonas C supoñen máis de 1.253.000 euros, correspondéndolles aos mariscadores da Confraría da Coruña preto de 61.000 euros, aos de Ferrol máis de 909.000 euros e aos de Barallobre máis de 283.000 euros.

Estes traballos desenvólvanse para compensar os mariscadores por non poder traballar nesas zonas. Precisamente, para recuperar a actividade marisqueira habitual sen ter que depender de subvencións, o departamento que dirixe Rosa Quintana puxo en marcha a comezos de xaneiro o Plan de Reinstalación de Moluscos procedentes de zona C. Con este sistema de depuración natural, a Xunta busca que estes traballadores pasen a depender dos ingresos da súa actividade, como o resto dos mariscadores de Galicia.

Así, as tres bateas instaladas na actualidade – dúas en Ferrol e unha en Aldán- depuran naturalmente a ameixa procedente de zonas das que non estaba permitida a súa extracción, para poder comercializarse en fresco con todas as garantías. Antes da posta no mercado, o Intecmar realiza análises sobre este marisco para comprobar que está nunhas condicións óptimas para o consumo.

A Consellería do Medio Rural e do Mar considera que o sistema de reinstalación permitirá recuperar en Galicia unha produción dunhas 450 toneladas anuais máis de moluscos bivalvos que xerarían arredor de 6 millóns de euros de valor no mercado.

O PRESIDENTE DA XUNTA INFORMA AO CONSELLO DO PRINCIPIO DE ACORDO COA PETROLEIRA MEXICANA PEMEX

- ***Este principio de acordo dá continuidade a un traballo iniciado hai meses***
- ***Pemex é unha das principais petroleiras do mundo con máis de 150.000 empregados e unha cifra de vendas superior ao produto interior bruto da maior parte dos países de América Latina***

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, informou hoxe ao Consello do Goberno galego do alcance da súa recente viaxe a México. O titular do Executivo autonómico, que viaxou ao país centroamericano, destacou o principio de acordo entre o sector naval galego e a petroleira mexicana Pemex para a renovación da súa flota.

O titular da Xunta explicou que este principio de acordo dá continuidade a un traballo iniciado hai meses polo Goberno galego ante a oportunidade que supón que a petroleira do país centroamericano teña a necesidade de renovar a súa flota.

Alberto Núñez Feijóo salientou que a viaxe a México do presidente do Goberno de España era unha excelente oportunidade para incluír este asunto na axenda de traballo bilateral de Mariano Rajoy e do presidente dos Estados Mexicanos, Felipe Calderón.

Pemex é a maior empresa de México e de América Latina, ademais dunha das petroleiras máis importantes do mundo con máis de 150.000 empregados e rendas que so no ano 2010 ascenderon a 40.000 millóns de euros. Así, o presidente galego subliñou que tan só a cifra de vendas de Pemex é superior ao produto interior bruto da maior parte dos países de América Latina.

O titular da Xunta destacou que se trata dunha importante oportunidade para o sector naval galego, un dos estratéxicos da comunidade, pero tamén para a economía galega en xeral.

A XUNTA SOLICITA FORMALMENTE AO GOBERNO CENTRAL A APERTURA DUNHA COMISIÓN BILATERAL PARA NEGOCIAR UN NOVO MARCO RETRIBUTIVO QUE GARANTA O DESENVOLVEMENTO DO SECTOR EÓLICO GALEGO

- ***O Goberno galego está a utilizar todos os recursos na súa man para garantir a continuidade do Plan Eólico que avanza con celeridade co cumprimento dos prazos por parte das empresas***
- ***O novo marco que propón a Xunta achega certeza, garantía e estabilidade durante toda a vida da instalación e favorece a implantación dos proxectos máis eficientes***

O Consello da Xunta de Galicia deulle o seu visto e praxe á solicitude formal de convocatoria da Comisión Bilateral de Cooperación Administración do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia co obxectivo de negociar co Executivo central un novo marco retributivo para a enerxía eólica tras a aprobación do Real decreto ley 1/2012, do 27 de xaneiro, que suprimiu os incentivos económicos para novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de coxeración, fontes de enerxía renovables e residuos.

A Xunta considera que as decisións que recolle este decreto, derivado da falta de política enerxética do anterior Executivo que colocou o mercado español nun déficit tarifario de 24.000 millóns de euros, afectan de maneira significativa o ámbito competencial da Comunidade galega polo que, tras unha primeira presentación de alternativas baseadas na alta eficiencia dos parques galegos, dá un paso máis na defensa do sector eólico, coa convocatoria formal da Comisión Bilateral.

O Goberno propondrá ante esta Comisión, a adopción dun novo marco para a enerxía eólica que achegue certeza, garantía e estabilidade durante toda a vida da instalación; que faga posible acadar os obxectivos de penetración de renovables cara ao ano 2020; e que incentive a redución de custos, trasladando tamén esta redución á factura eléctrica do consumidor. Ademais, seguindo na defensa xa establecida polo Goberno galego, o novo marco deberá favorecer a implantación dos proxectos máis eficientes e non supor un sobrecusto para o sistema, cando menos mentres non se acade o déficit anual cero.

Compre lembrar que o concurso eólico galego segue a avanzar con celeridade e os promotores están a cumprir os seus plans industriais. Ademais, por medio do canon eólico, que ten como principais destinatarios os concellos galegos, xa se teñen ingresado 70 millóns de euros.

O SERGAS SIGUE A TRABALLAR NA REFORMA DA ASISTENCIA SANITARIA AO PACIENTE CON TRASTORNO MENTAL GRAVE, INCIDINDO NO TRATAMENTO NO SEU ENTORNO A TRAVÉS DE UNIDADES DE APOIO COMUNITARIO

O Consello da Xunta de Galicia reunido no día de hoxe baixo a presidencia de Alberto Núñez Feijoo vén de abordar un informe do Servizo Galego de Saúde referido ás actuacións postas en marcha pola Consellería de Sanidade encamiñadas á reorganización da asistencia sanitaria ao trastorno mental grave na nosa Comunidade Autónoma. Esta iniciativa enmárcase no proceso posto en marcha polo departamento que dirixe Rocío Mosquera destinado a completar e finalizar a reforma psiquiátrica en Galicia.

Dentro das medidas postas en marcha pola Consellería de Sanidade para levar a cabo esta reforma psiquiátrica pódese destacar, entre outras iniciativas, a integración do persoal do centro San Rafael de Lugo; as melloras levadas a cabo no hospital de Conxo en Santiago coa reubicación das unidades de rehabilitación; a derivación de pacientes de perfil social e sociosanitario para tratamento nos dispositivos asistenciais máis adecuados; a creación de novas unidades de rehabilitación en Ourense e Lugo; o establecemento de criterios clínicos consensuados e homoxéneos para o ingreso nas unidades de rehabilitación; a organización dos sistemas de información e análise de datos; e, ademais, a planificación coas entidades correspondentes da creación de novos dispositivos comunitarios.

O informe recolle, pois, a planificación estruturada de toda esta asistencia sanitaria encamiñada a mellorar a atención aos enfermos mentais graves, de tal forma que o acceso aos recursos sexa equitativo en toda Galicia.

O Servizo Galego de Saúde está a incidir, tal e como se recolle no informe, na prevención da cronicidade, favorecendo a rehabilitación para evitar a perda de función e promovendo, ao mesmo tempo, a integración na sociedade. Tamén centra o seu labor na mellora da organización do proceso de atención e no uso eficiente dos recursos.

En definitiva, o que pretende a dirección de Asistencia Sanitaria do Sergas é mellorar a atención á saúde mental, posto que unha prestación de calidade a estes pacientes tamén incrementará a súa calidade de vida e diminuírá os reingresos por desestabilización.

Para cumprir este fin os obxectivos son manter ao enfermo na comunidade, evitando, como xa se sinalou, a cronificación e o seu ingreso, utilizar o recurso asistencial que máis beneficio lle reporte ao paciente, e mellorar a eficiencia dos dispositivos dispoñibles, ademais de implicar aos profesionais na xestión.

Incremento de prazas no 2012

Na actualidade, entre os dispositivos de rehabilitación para enfermos mentais en Galicia, están as unidades hospitalarias, e os recursos concertados con entidades que comprenden as unidades de apoio comunitario (42 pisos con 192 prazas), os centros de rehabilitación social e laboral (899 prazas), e as unidades residenciais (4 residencias con 80 prazas). Para o presente ano, o Servizo Galego de Saúde ten previsto aumentar estas prazas en doce, 5 nas unidades de apoio social e 7 nas unidades residenciais.

Por último, cómpre sinalar que Sanidade seguirá a potenciar tamén iniciativas como o proxecto Nise, cuxa segunda edición do ciclo de cine xa foi presentada, co obxectivo de proporcionar información sobre as diferentes enfermidades mentais e loitar contra a estigmatización das persoas que as padecen.